

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 15 de outubro de 2020

Hora de inicio/hora de remate: 12:10h / 12:30 h

Lugar: Campus remoto Sala 20

Membros:

Pola Universidade:
-Raquel María Souto García (Xerenta)
-José González Groba (Vicexerente)
-Antonia Melón Amor
-Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:
-José Estévez Vázquez
-Carlos Román Lago (non asiste)
-Luis Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:
-Xoan M. Cebro Rodríguez
-María José Ríos Santomé
-José Manuel Sónora Abeijón (non asiste)

Pola Xunta de PDI:
-Generosa Fernández Manín (desculpa asistencia)
- María Montero Muñoz (desculpa asistencia)
-Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:
-Begoña González de Prado
-Javier Lorenzo Paniagua

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (8/9/2020)
2. Valoración de incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2019 e aprobación de criterios de actuación
3. Rogos e preguntas.

CSV : GEN-709a-13a3-6e7e-c843-b60b-3ef7-5587-4b15

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARTA COGOLLUDO FERNANDEZ | FECHA : 01/06/2021 10:06



CSV : GEN-103d-bf7a-f7db-e68a-6cb1-c2e6-e630-33c1

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO DE LA SGAD | FECHA : 01/06/2021 10:07

FIRMANTE(2) : RAQUEL MARIA SOUTO GARCIA | FECHA : 01/06/2021 10:31



1. Aprobación da acta da reunión anterior

A Xerenta pregunta ás e aos membros da comisión se aproban a acta da sesión anterior, dáse por aprobada a acta.

2. Valoración de incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2019 e aprobación de criterios de actuación.

A xefa de sección de retribucións informa que hai 3 incidencias a tratar pola Comisión.

No relativo a solicitude de gastos de saúde en concepto de adestramento visual, despois de solicitar informe médico xustificativo da recomendación do tratamento, no que se indique en qué consiste o mesmo, e que se faga constar que o tratamento non se atopa cuberto pola seguridade social, revisados os escritos presentados pola/o interesada/o, a Comisión ratifícase no acordado na anterior reunión xa que non se aporta un informe nos termos indicados.

En relación á primeira persoa incumplidora, se presenta un escrito da traballadora que di que foi un erro de Facenda e que a filla non traballou nunca, os datos que nos aporta a AEAT son: "Non figura que presentara declaración da Renda no ano 2018. Non figuran ingresos imputados ao seu nome no ano 2018. É presunta obrigada xa que estivo de alta nunha actividade profesional no mes de xaneiro, aínda que non declara ingresos pola mesma". Xan Cebro di que a interesada falou con él e que lle vai a transmitir que debe presentar un informe da AEAT que indique que a filla non é incumplidora a 1/7/2020 (data de finalización de presentación de solicitudes).

Por último, con relación á incidencia de sogra incumplidora, a traballadora presenta un documento da AEAT de 2/10/2020 que di que non existen débedas, os datos que nos da a AEAT son: "Non figura que presentara declaración da Renda no ano 2018. Ten imputados ingresos de 8.447,00 euros dunha pensión ou similar no ano 2018. Obrigada xa que estivo de alta como arrendadora durante todo o ano 2018 cuns ingresos imputados de 1.200 euros, así como ingresos por venda de fondos de inversión por importe de 1.242,97 euros.

En base ao anterior a Comisión decide excluír a solicitude por ter un membro da unidade familiar incumplidor (base 1.2.d da convocatoria).

3. Rogos e preguntas.

Miguel González Loureiro pregunta que si das axudas dos fondos COVID que vai conceder a Xunta é o Ministerio está previsto axudas para o persoal. A Xerencia indica que os fondos teñen outros destinos (medidas sanitarias, axudas para docencia virtual...).

